

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

ANUNCIO do 18 de maio de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai público o informe de impacto ambiental do proxecto de ampliación dunha explotación de vacún de leite e de construción dunha fosa de xurro, no lugar de Portoseco, no concello de Curtis (A Coruña) (expediente 2021/0128).

De conformidade co artigo 47 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), faise público o informe de impacto ambiental do 13 de maio de 2022, do proxecto de ampliación dunha explotación de vacún de leite e de construción dunha fosa de xurro, no lugar de Portoseco, no concello de Curtis (A Coruña), promovido pola SAT Prado Picado 1164 XUGA.

Este informe poderase consultar na seguinte ligazón: <https://cmatv.xunta.gal/resolutions-da-avaliacion-ambiental-de-proxectos> e nas dependencias da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, sitas en Santiago de Compostela (San Lázaro s/n, planta baixa).

Santiago de Compostela, 18 de maio de 2022

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade
e Cambio Climático

